

-- PERMANENT EXPEDITION ----X

23 | 07 | 2014 - 31 | 08 | 2014

Jakob Dietrich

ekw14,90

Susanna Flock

Andreas Kurz

Leonhard Müllner

Sun Li Lian Obwegeser

Doris Prlić

Enrique Tomás



BUNDESKANZLERAMT ÖSTERREICH
KUNST



‘PERMANENT EXPEDITION’ é un proxecto de residencia artística, que se encadra dentro da convocatoria ‘LinzEXPort’ da cidade de Linz (Austria), e que está producido por **nomadenetappe / Kunst und Theorie** (centro de produción e exhibición de obras de novos artistas fundado en 2009 en Linz). Dez artistas —do ámbito da arte sonora, radiofónica, instalación, vídeo, e arte conceptual— crearon obras específicas durante un período de oito días na cidade de Vigo. O proxecto tivo lugar no **MARCO** —salón de actos e outros espazos do vestíbulo— e desenvolveuse en dúas fases. Durante o período de residencia (do 16 ao 23 de xullo) os artistas transformaron o lugar nun taller de produción, que a continuación se abriu ao público, coa presentación das obras e resultados do taller en formato de exposición colectiva.

O título do proxecto alude ao seu carácter experimental, similar ao dunha misión de investigación científica. Tal como o nome suxire, ‘Permanent Expedition’ ten que ver coa idea de exploración continua, concibindo a vida diaria do taller e as excursións a lugares do ámbito como espazos de laboratorio e de experimentación.

Lugar: salón de actos e outros espazos do vestíbulo

Produción: nomadenetappe / Kunst und Theorie

Programa ‘LinzEXPort’, Linz Kultur, City of Linz, Austria

Co apoio de: Bundeskanzleramt Österreich, Section Art (Austria) / Municipal Department of Arts and Culture, Linz (Austria) / Regional Department of Arts and Culture, Upper Austria / Foro Cultural de Austria en España

Colaboran: Sinsaludio / Escoitar.org

-- PERMANENT EXPEDITION -----X

23 | 07 | 2014 - 31 | 08 | 2014

OBRAS EN EXPOSICIÓN

***MidiMarschMusik-Kapelle*, 2006-2014**

Jakob Dietrich, Andreas Kurz, Leon Müllner, Sun Li Lian Obwegeser, Doris Prlić, Marlies Stöger, Enrique Tomás, André Tschinder

Esta banda de música internacional actuou por primeira vez no Festival Ars Electronica en 2006. Nunha coreografía asombrosa e fascinante, un grupo de entre 9 e 12 músicos tocan instrumentos clásicos de forma moi inusual, a xeito de pasacalles, provistos de ordenadores portátiles que levan colgados do corpo e de cascos-megáfonos que funcionan con baterías recargables. Cada compoñente da banda representa un instrumento midi de vento, que dispara unha a unha as notas. A instalación no MARCO mostra un posible lugar de ensaio da banda, que acaba de ser abandonado.

***To Cast a Shadow*, 2014**

ekw14,90

Fotografías, texto

O *Filme Noir* mostra un mundo os habitantes do cal nunca están na casa. Aínda que viven alí, son uns descoñecidos, e deambulan como estraños polas súas propias vidas. Ao mesmo tempo, este mundo resulta confusamente similar —ou cando menos familiar— ao dos espectadores. A *Filme-Noir-city* [cidade-cinema-negro] é un cosmos onde o estraño constitúe a pedra angular da súa arquitectura. Toda crise se orixina pola alienación dos seus protagonistas, e é individual e psicolóxica. De aí xorden crimes funestos, contratempos e infortunios que o autor atribúe aos seus personaxes. Personaxes dun *Filme Noir* que son a miúdo complexos, e case sempre personaxes rotos.

[Fonte: www.der-film-noir.de]

***Can One Mark This Sky*, 2012-2014**

Susanna Flock

15 impresións sobre papel

Can One Mark This Sky é unha obra en proceso que trata sobre a denominación de áreas de “alta presión” e “baixa presión”, e o envío dunha mensaxe encriptada a través dun medio de masas.

O Instituto de Meteoroloxía da Universidade de Berlín asigna nomes ás zonas de formación de altas e baixas presións de Europa Central. Estas denominacións son aceptadas e publicadas polos servizos meteorolóxicos e os medios de comunicación, tal como figuran nas páxinas de moitos xornais, e nas previsións emitidas por radio e televisión. A “Operation Weather Godfather” [Operación apadrina o tempo], lanzada en 2002, permite patrocinar unha zona de formación de presións e asignarlle un nome a cambio dunha achega económica.

Para este proxecto bautizáronse zonas de altas e baixas presións navegando a través de arquivos para buscar material semántico que contase coa aprobación do Instituto de Meteoroloxía da Universidade de Berlín. Os nomes utilizados proceden de diferentes culturas, apareceron entre 2012 e 2014 en mapas de previsións meteorolóxicas, e unha vez reunidos dan como resultado a frase “CAN ONE MARK THIS SKY”.

-- PERMANENT EXPEDITION ----X

23 | 07 | 2014 - 31 | 08 | 2014

***Beyond Coordinates*, 2014**

Leonhard Müllner

Impresión sobre papel, selos, sobres

Beyond Coordinates pon en relación catro casos de territorios perdidos e expedicións perdidas utilizando un medio de viaxe en si mesmo: a carta escrita.

Durante centos de anos, debido a distintos bulos ou a erros náuticos, creáronse territorios que só existían nos mapas. En ocasións afundíronse ou demostrouse que eran simples espellismos. Requiriuse un grande esforzo humano e financeiro para descartar estas illas-fantasma. A última desaparecida dos mapas de todo o mundo foi Sandy Island en 2012. Nesta obra, mediante o intento de enviar unha carta a catro deses territorios de ficción, abórdase unha reconstrución da súa existencia dende un punto de vista poético. Ninguén sabe se as cartas serán devoltas ao artista, quen é o emisor, e quen o destinatario nos posibles enderezos das illas.

As cartas serán enviadas unha vez que finalice a exposición.

Co obxectivo de descubrir os poucos lugares aínda inexplorados no mundo coñecido, algúns exploradores esvaeccións eles mesmos, deixando só vagos signos da súa desaparición, que deron pé a innumerables especulacións. Tras a súa desaparición convertéronse en heroes, e os seus países de orixe emitiron selos impresos cos seus rostros. Os selos, moeda de cambio de palabras e produtos viaxeiros, convertéronse así en vehículos de expedicións fallidas.

***Going Calypso*, 2014**

Sun Li Lian Obwegeser, Jakob Dietrich

Impresión fotográfica, branco e negro, 240mm x 300mm

“Dende que nace, o home leva sobre os seus ombros o peso da gravidade. Está suxeito á terra, pero solo ten que afundirse baixo a superficie, e será libre”. Jacques Cousteau

Inspirado nun retrato do explorador, fotógrafo e inventor francés Jacques Cousteau coa súa familia, Going Calypso é resultado da análise de Obwegeser e Dietrich de dúas nocións básicas das expedicións: a liberdade e a incerteza. Ambos os dous embárcanse nun proxecto os parámetros do cal son cuestionables, xa que parten da súa inexperiencia no uso dun evento familiar que se desvía da súa intención orixinal nun ambiente subacuático. A “Tripulación da Expedición Permanente” reuniuse para un retrato de grupo baixo a auga, nas Islas Cíes.

***A selfish shellfish sample*, 2014**

Sun Li Lian Obwegeser

Instalación

Diapositivas, *loop* de audio

As diapositivas mostran secuencias dunha película didáctica sobre o mexillón en formato de 16 mm.

Ademais da parte visual, compúxose unha banda sonora para a cuncha do mexillón.

-- PERMANENT EXPEDITION -----X

23 | 07 | 2014 - 31 | 08 | 2014

***Bajo Tierra*, 2014**

Doris Prlić

Instalación sonora, fotografía

Durante a súa estanza na cidade de Vigo, Doris Prlić centrou a súa investigación nos territorios subterráneos. A súa instalación sonora no MARCO combina esta investigación con informes de proxectos para o uso de espazos subterráneos en diferentes áreas urbanas. Historias de utopías arquitectónicas mestúranse con intentos de utilización práctica de túneles esquecidos. Na instalación Bajo tierra, este mundo de imaxinación subterránea enfróntase a unha fotografía da entrada a un túnel selado en Vigo.

Bouzas 20.07.2014 – 23:32h.

Enrique Tomás

Dispositivo fonográfico D.I.Y. e vídeo

A captura dun momento do barrio de Bouzas en Vigo, creado dende o erro analóxico e dixital de dous dispositivos de captación sonora e visual —un fonógrafo e unha cámara dixital— inventados con máis de cen anos de separación.

-- PERMANENT EXPEDITION ----X

23 | 07 | 2014 - 31 | 08 | 2014

SOBRE OS ARTISTAS

thus & hence (Jakob Dietrich/Kai Maier-Rothe)

<http://thusandhence.com>

<http://bunostik.org>

Jakob Dietrich e Kai Maier-Rothe desenvolven conxuntamente o seu traballo sonoro a través de canles conceptuais, centrándose no cuestionamento continuo da dimensión política do son. Moitas veces as súas composicións pódense interpretar como unha crítica das relacións sociais, que a miúdo se articulan nas nosas sociedades a través do uso do son. Para eles, o espazo acústico non constitúe unha simple reverberación, senón un lugar de forte carga ideolóxica.

ekw14,90 (Marlies Stöger, Andre Tschinder, Moke Klengel, Christopg Rath)

<http://ekw1490.mur.at>

As primeiras aparicións públicas do colectivo de artistas ekw14,90 —fundado en 2000 en Graz (Austria) por Marlies Stöger, Andre Tschinder, Moke Klengel e Christopg Rath—, foron a través do medio radiofónico. Dende os seus inicios na radio experimental, ekw14,90 axiña expandiu o seu campo de acción cara a outras formas de arte. O seu traballo baséase tanto en proxectos performativos como en instalacións, sen limitar a súa produción a unha certa forma de expresión ou tema en particular, senón que utilizan diferentes medios e materiais para levar a cabo os seus proxectos artísticos, a miúdo *site-specific*.

Susanna Flock

<http://susannaflock.net>

Susanna Flock (1988, Graz) estuda Arte Experimental na Universidade de Linz e Vídeo & Videoinstalación en Viena. En 2010 recibiu o premio Henkel Art Prize e en 2011 a Bolsa ao mellor talento en Belas Artes de Austria. En palabras da artista: “Estou interesada no impacto da dixitalización na produción cultural, no seu alcance e na súa recepción. A través das innovacións en cultura e tecnoloxía estanse a crear continuamente novas etiquetas e xeitos de conversación. Abordo a arte como medio para a comunicación, e traballo sobre o tema da linguaxe e a comunicación en diferentes medios”.

Andreas Kurz (Washer)

<http://andreaskurz.net>

Baixo o pseudónimo WASHER atopamos a Andreas Kurz, artista sonoro alemán establecido en Linz. A súa actividade céntrase na investigación da dimensión sónica dos espazos urbanos. Recibiu numerosos premios como performer e compositor de bandas sonoras para cinema e teatro, nas que utiliza sintetizadores analóxicos e gravacións de campo en busca de z Unidos mínimos.

Leonhard Müllner

<http://kunst.creative.arte.tv/de/gallery/users/180/leonhard-muellner>

Leonhard Müllner estudou en Linz e en Leipzig. A súa actividade, de resultados conceptuais e efémeros, céntrase especialmente en investigar o que el chama "a obsesión dos seres humanos por ser antropocéntricos, pechados en si mesmos, obrigando ao mundo a centrarse só nas realidades humanas". Nos últimos anos evolucionou cara aos medios dixitais.

-- PERMANENT EXPEDITION -----X

23 | 07 | 2014 - 31 | 08 | 2014

Sun Li Lian Obwegeser

<http://oe1.orf.at/artikel/352063>

Desde 2007 Sun Li Lian Obwegeser é estudante de Arte Experimental en Linz. Traballa con metraxe atopada [found footage], animación e instalacións sonoras. Nas súas performances de audio en directo utiliza *circuit bending* e un conxunto de dispositivos electrónicos. Foi nomeada para o TalentStipendium 2013 de ORF (Radio Nacional de Austria) pola instalación e composición titulada *Composition for a Chauffage* [Composición para calefacción].

Doris Prlić

<http://dorisdisaster.servus.at>

<http://www.feedbackanddisaster.net>

Doris Prlić traballa como artista e comisaria. A súa actividade céntrase no uso do son —xeralmente a través de elementos moi pequenos e sutís— no espazo público. Estudou Arte e Belas Artes en Linz, Amsterdam e Róterdam. É responsable do selo discográfico dixital feedback & disaster.

Enrique Tomás

<http://ultranoise.es/blog>

Enrique Tomás (1981) é un artista sonoro español residente en Linz. É autor de intervencións e performances nas que utiliza texturas inmersivas de sons en rangos extremos de frecuencias e amplitudes. Presentou o seu traballo en numerosos centros de arte e festivais de Europa e América, como Ars Electronica, Sonar, SMAK, KUMU, STEIM, IEM, etc.